

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 11 de xullo de 2012

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Agüete, Pilar
Martínez Yáñez, Nora
Muleiro Parada, Luis Miguel
Rodríguez Domínguez, María del Mar

Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Caballero Fernández, Gloria
Castro Fernández, Ana Esther
Domínguez Rubira, Carmen
Estévez Abeleira, Teresa
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, Belén
García Mosquera, Marta
García Gestoso, Noemí
González Martínez, José Manuel
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar
Vicente Remesal, Javier de

Estévez Fernández, Carina
Fernández Ignacio, Beatriz
Guerrero Saco, Alejandro
Lizarralde Fernández, Alexander
Núñez Martínez, Lucía
Rubianes Ferro, José Luis

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves
Vázquez Escudero, Antonio José

Iniciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 13.40 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 14 de xuño de 2012).
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións de Grao do centro para o curso académico 2012/2013.
4. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións de Grao e Licenciatura para o vindeiro curso académico.
5. Aprobación, se procede, das datas de exames de Licenciatura, Diplomatura e Graos para as convocatorias do curso 2012/2013.
6. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5^a, 6^a e 7^a convocatoria e fin de carreira para o curso 2012/2013.
7. Aprobación, se procede, da listaxe de titores do Plan de Acción Titorial do centro (PAT) para o vindeiro curso académico.
8. Aprobación, se procede, das alegacións ao informe provisional da ACSUG con relación ao Informe de Seguimento do Máster en Ordenación Xurídica do Mercado.
9. Rogos e preguntas.

A Decana escusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: Don Pablo Menéndez García, Dona Esther González Pillado, Dona M^a Cruz Barreiro Carril e Dona Elena Salgado André.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 14 de xuño de 2012).

Apróbase por asentimento.

2. Informes da Decana.

A Decana informa de que, en primeiro lugar, a próxima semana, previsiblemente o xoves día 19 de xullo, deberase celebrar outra reunión desta Xunta de Facultade, aos efectos de aprobar as guías docentes dos Másters.

En segundo lugar, a Decana traslada á Xunta que se decidiu adquirir un novo traxe académico para a Facultade dada a elevada demanda que tiveron no acto de gradación. En concreto decidiuse aproveitar a toga existente, cambiándoa por unha talla 50 e completar cun xogo de mucetas, birrete e puños de doutor. Con este traxe, que se recibirá a finais Xullo, serán 7 os que dispón a Facultade para prestar aos seus profesores; 2 da talla 48, 1 da talla 50, 2 da talla 52, 1 da talla 54, 1 da talla 56.

Doutra banda, recórdase aos profesores que, tal e como se informou na Xunta de Facultade do pasado 24 de Febreiro, o decanato acordou prover de folios de docencia aos profesores, e que poden ser retirados en conserxería.

No que atinxe ás obras, acondicionouse a acústica da sala de videoconferencias. Nun par de días comezará unha obra para arranxar uns danos do aire acondicionado no bloque D e que provocaba unha perda de eficiencia. Veñen de rematar tamén as obras relativas aos toldos.

A Dra. Pita informa, asemade, de que se recibiron os resultados provisionais da ACSUG sobre os informes de seguimento das titulacións do ano pasado. En concreto foron sometidos a avaliación os dous másteres (Ordenación Xurídica do Mercado e o de Menores) e o Grao de Dereito. O resultado foi "conforme" no caso do Grao de dereito e no Máster en Menores. No caso do máster en ordenación xurídica do mercado o resultado é "non conforme". No punto 7 da orde do día trátase este tema.

Doutra banda, o grao en Relacións non foi seleccionado para revisión pola ACSUG. Nembargante, a Universidade de Vigo realizou unha avaliación interna empregando o mesmo protocolo que a ACSUG e o resultado foi de "non conforme". Estanse preparando alegacións ao mesmo xa que nalgúns casos a non conformidade

vén por problemas que exceden as competencias do centro.

A Decana manifesta que tamén se enviaron as alegacións-aclaracións ao área de Posgrao para que se remitan á ACSUG ante o informe provisional de avaliación do Máster en Avogacía no que se requiriron algunhas aclaracións e modificacións, non demasiado substanciais, e correccións formais para a verificación definitiva da titulación. Neste ámbito a Decana recorda que se ven de publicar no BOE a Lei de mediación conforme a que non será obrigatorio para os licenciados que fagan con carácter obrigatorio o Máster en Avogacía.

Finalmente, a Dra. Pita indica que se decidiu comezaren os trámites para empezar a xestión dunha revista dixital propia do Centro. Pedíuselle ao Profesor Aneiros Pereira que faga un informe neste eido que se trasladará dende o Centro, durante os próximos días, a todos os Profesores para que se aporten ideas ou fagan observacións ao que se proxectou e pensou dende o equipo decanal. Entre outros extremos, a Decana manifesta a posibilidade de facer un número "0" no que participen aqueles que foron membros honoríficos do Claustro do Centro e, de tódolos xeitos, tratarase de acadar que a revista estea ben referenciada e teña uns bos indicios de calidade.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións de Grao do centro para o curso académico 2012/2013.

A Dra. Ruiz Hidalgo, coordinadora do Grao en Dereito, manifesta que debería corrixirse a guía de "Constitución Económica" na medida en que hai 1,5 horas de actividade de exceso que debería ser imputada a exames.

A Dra Fernández Docampo, coordinadora do Grao en RRLl e RRHH, indica que hai unha materia, a de "Dereitos sociolaborais dos estranxeiros en España" cuxa docencia corresponde impartir ás áreas de coñecemento de Dereito Constitucional e Dereito Internacional Privado debería modificarse no senso en que se lle sinalou.

A Profa. Bergareche Gros, que se desculpa por chegar con algo de retraso a esta reunión, manifesta que no que atinxe á guía da materia de "Constitución económica" non hai problema ningún en que se modifique. Simplemente dado que se deran unhas determinadas indicacións non tivo tempo de corrixila. No que respecta á materia de "Dereitos sociolaborais dos estranxeiros en España" a Dra. Bergareche manifesta que a parte correspondente á Dereito Constitucional está rectificadada, e soamente resta, na parte responsabilidade de Dereito Internacional Privado, corrixir e incluír o que se refire a contidos e bibliografía, basicamente. Acórdase que a coordinadora do Grao en RRLl e RRHH se poña en contacto co Dr. Michinel Álvarez para instar e que se realicen as modificacións pendentas.

Apróbanse as guías docentes coas puntualizacións requiridas para as dúas guías mencionadas.

4. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións de Grao e Licenciatura para o vindeiro curso académico.

A alumna Beatriz Fernández Ignacio pide que se considere a posibilidade dalgún cambio no curso de cuarto de Relacións Laborais, na que se imparte unha materia obrigatoria na tarde do venres. Faise unha petición no senso de que se se puideran xuntar materias sen que queden espazos temporais sería o ideal.

A Decana sinala que lle gustaría atender a esta petición, e se trata de algo que se tratou de acadar do mellor xeito, nembargante ao estar en moitos casos teoría e despois práctica, esta premisa, fai imposible atender ao requirimento. A verdade é que ao haber, en cuarto curso, tantas materias optativas é moi difícil non ter algún espazo temporal libre.

O alumno Alejandro Guerrero Saco solicita que se considere a posibilidade de que nos horarios do quinto curso da licenciatura de Dereito se traslade a docencia da materia de Contabilidade de Sociedades dos venres a outros días. A Decana di que se estudará a posibilidade de que se leve a outro día, os martes, a primeira hora da mañá para o que haberá que falar cos docentes das outras materias implicadas.

Apróbanse os horarios con esta consulta, e no seu caso modificación, pendente (documento anexo número 1).

5. Aprobación, se procede, das datas de exames de Licenciatura, Diplomatura e Graos para as convocatorias do curso 2012/1013.

A Vicedecana Martínez Yáñez comunica que nos últimos días se recibiron certas peticións que motivan os seguintes cambios nas datas de exames, unha vez consultados os docentes implicados que os instaron ou lles afectaba. En primeiro lugar, o exame do segundo período de exames (xullo) de "Socioloxía do traballo" (2º Grao RLL e RRHH) pasa ao 2 de xullo ás 10:00 hs. En segundo lugar, o exame do segundo período de exames de "Dereito da Seguridade Social" (2º Grao RLL e RRHH) pasa ao 8 de xullo ás 10:00 hs. En terceiro lugar, o exame do primeiro período de exames de Dereito Constitucional I (1º Grao en Dereito) pasa ao 12 de decembro, ás 10:00 hs. En cuarto lugar, o exame do segundo período de exames de Informática II (2º Licenciatura en Dereito) pasa ao 5 de xullo ás hs. En quinto lugar, o exame de fin de carreira de Política monetaria (4º Licenciatura) pasa ao 15 de outubro ás 15:30 hs.; e o desta mesma materia, o exame correspondente ao primeiro período de exames, pasa ao 13 de decembro ás 16:00 hs. O exame do primeiro

período de exames de Dereito Mercantil I (4º Licenciatura) pasa ao 20 de decembro ás 10:00 hs.

A alumna Beatriz Fernández Ignacio propón dous cambios de datas para que existan espazos temporais de dous días entre datas de exames.

A Vicedecana. Martínez Yáñez comprométese a verificar e consultar se serían posibles estas modificacións (tanto á vista dos calendarios como dos profesores responsables).

Apróbanse as datas de exame pendentes da verificación anterior (documento anexo número 2).

6. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e fin de carreira para o curso 2012/1013.

O Prof. Grande solicita que se rectifique o Tribunal previsto para Dereito Procesual III, de xeito que como en Dereito Procesual II ou Dereito Procesual I, el mesmo figure coma secretario e a Profa. Dra. Bergareche Gros figure coma vocal. A Decana sinala que son os tribunais propostos e trasladados dende os Departamentos pero se corraxirá este particular, posto que é evidente que se trata dun erro de feito.

Apróbanse os Tribunais con este cambio (documento anexo número 3).

7. Aprobación, se procede, da listaxe de titores do Plan de Acción Titorial do centro (PAT) para o vindeiro curso académico.

A Decana expresa que se inclúe nas listas remitidas á Dra. Bergareche Gros ao ser omitida por erro da listaxe. A Dra. Pita indica que se agradece a todos os Profes. da Facultade a súa boa dispoñibilidade para estaren nesa listaxe, aínda sen sabermos, exactamente os recoñecementos docentes que terá tal actividade. Asemade, puntualiza que, se non chegaran a titorizar todos eles, haberá que establecer quendas rotatorias a estes efectos nos vindeiros cursos académicos.

Apróbase por asentimento a listaxe de titores do Plan de Acción Titorial do centro (PAT) para o vindeiro curso académico (documento anexo nº 4).

8. Aprobación, se procede, das alegacións ao informe provisional da ACSUG con relación ao Informe de Seguimento do Máster en Ordenación Xurídica do Mercado.

A Decana indica que se traen a este órgano colexiado as alegacións presentadas

ao informe provisional da ACSUG con relación ao Informe de Seguimento o Máster en Ordenación Xurídica do Mercado.

Apróbanse por asentimento as alegacións.

9. Rogos e preguntas.

O Prof. Grande fai un rogo. Indica que na medida en que se recibiu un acordo da Comisión Académica do Máster en Avogacía en Pontevedra que require aos efectos de facer certas modificacións nas guías, considera oportuno que exista unha uniformidade e labor de coordinación con relación aos criterios que se deben seguir na impartición do Máster en Pontevedra e Vigo. Na mesma liña o Prof. De Vicente manifesta que os acordos que lle foron notificados, adoptados da Comisión Académica do título para o Campus de Pontevedra, non foron do seu gusto e, efectivamente, sería desexable que non se deran estas situacións para unha boa implantación do Plan de Estudos. Entre outros motivos, porque non lle parece que se vaian adoptar acordos de igual senso na Comisión Académica do Máster en Vigo que se reunirá en Vigo co obxecto de abordar temáticas idénticas.

A Decana explica o acontecido na reunión da Comisión Académica celebrada o día anterior en Pontevedra e resume os acordos aos que se chegou e a razón delo. O Dr. Muleiro manifesta que, aínda que toma nota do rogo, os acordos se derivaron de certas cuestións plantexadas no seo da reunión e tendo que decidir sobre as mesmas, dado a orde do día establecida para a xuntanza. A Decana considera que, efectivamente, faise todo o que se pode pero é desexable a maior coordinación posible na impartición dos Másteres en beneficio do título, a razoabilidade e o éxito do mesmo.

A Dra. Barahona indica que tivo un perigo de accidente cun vehículo, sufrindo case un atropelo, polo que roga que se poña un paso de peóns na estrada que descende á Facultade de Ciencias e bandas dende a curva do cume no que se sita o noso Centro. A Vicedecana Mar Rodríguez di que xa están formalmente pedidos e estase á espera de que se instalen, aínda que instará este particular novamente aos responsables na Universidade.

O Prof. Mariño de Andrés pide que se estableza un sinal de prohibición na estrada que ascende dende a entrada do Centro dado que a súa experiencia, especialmente as fins de semana, lle demostra que algúns vehículos soben en senso contrario. A Decana pide a Vicedecana responsable que tome nota e lle dea trámite a este rogo o máis axiña posible.

A Profa. Martínez Táboas pregunta cando se vai a comezar a impartir o Máster en Avogacía e con que horarios en Pontevedra. O Dr. Muleiro contesta para

manifestar que se acordou que se imparta nas tardes dos luns aos xoves e, de acordo co calendario académico da nosa Universidade, o día de inicio oficial está previsto para o día 20 de setembro. Claro que se impartirá se cumpren os requisitos normativos, coma os referidos a alumnos, requiridos especialmente pola normativa autonómica e universitaria. A Decana manifesta que será en torno a esa data en función das actividades que se poidan organizar como inauguración do mesmo.

Non habendo máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 15.30 horas, do que dou fe como secretario por delegación.

Luis Miguel Muleiro Parada